

OS CADERNOS BERCIANOS. LEXICO AGRARIO.

Queremos recuperar neste traballo o noso vocabulario tradicional berciano, referido á temática agraria. Son moitas as localidades do Bierzo que conservan na súa toponimia menor moitas das palabras que aquí presentamos e que son descoñecidas para as novas xeracións.

AS TERRAS AGRARIAS.

As terras agrarias eran as preparadas para os cultivos de cereais (centeo, trigo, maízzo, cebada, etc). Atopamos as variadas denominacións de LEIRO, EIRO ou EIRÍN. Referímonos a pequenos predios (parcelas en castelán) por razón do minifundismo agrario tradicional e maila peculiar orografía montañosa. Cando esas terras están en barbeito se denominan POULOS, POULAS ou POULELLO. A súa diferenza en masculino e feminino é un indicativo de menor ou maior tamaño respectivamente.

Outros predios de labradío son as CORTIÑAS ou CORTIÑEIROS. Estas herdades están cerca das localidades e xeralmente son pechadas por sebes vexetais ou cercas de pedra. As cortiñas destínanse ao cultivo de legumes, hortalizas, verduras, árbores froitais ou cereais. Deriva das anteriores a CORTÍA e maila HORTA pegadas tamén ás vivendas e de curta extensión. Se as hortas tiñan froitais eran coñecidas como PUMARES. No Bierzo temos a localidade de Horta, cercana a Vilela. Á saída das localidades podía existir o EIXIDO, como terras de cultivo para cereal pechado con marcos ou testigas.

OS MONTES COMUNAIS.

Os terreos gañados ao monte, mediante a queima da matoeira, chamábanse BOUZAS, ROZAS, ROZADA, SERNAS, SEARA ou ESTIVADAS. Este conxunto de terras repartíase entre os veciños mediante QUIÑÓNS, LOTES, ou SORTES. Os terreos agrarios continuos e postos ao mesmo tempo en laboura denominábanse AGRAS, AGROS ou AGRELO que ás veces non tiñan divisións físicas visibles. OS ARROUTOS son terras de comunal que teñen a súa orixe no monte partido.

As terras agrarias teñen diversas denominacións segundo os seus tamaños. Así, en Ancares atopamos LORO e LORALLO para os predios estreitos e longos. Tamén existen os TALLOS para terras de monte, cortadas e separadas, que se partillan aos labregos. As TRAVESAS son predios longos e situados de forma perpendicular á inclinación do terreo. Están en pendente e trabállanse de xeito transversal. No Bierzo temos as localidades de Villar de Traviesas e



Robredo de Traviesas (Noceda), así como Trabadelo de Valcarce, que se refire a terreos chans.

Divisións de terras son os TALLOS, LATAS, CADROS e RECHAVE. Distinta tipoloxía dos predios agrícolas segundo a súa morfoloxía. Os TALLOS son leiros rectangulares con pendente que se traballa de xeito oblicuo á inclinación do terreo. As LATAS existen en terreos máis chans. Os CADROS con esta forma e os RECHAVES son mestura dos anteriores modelos. Estas dúas denominacións son propias das zonas do Courel e serra dos Cabalos. A CHOUSA ou CHOUSO representa a terra de labor cercada e de pouca extensión.

Outras terras agrarias eran os LIÑARES onde se cultivaba liño. Esta materia téxtil servía para facer por exemplo certas prendas de vestir ou sacos. Tamén existían OS MACEIROS do maízo traído de América e que entrou no Bierzo dende Galicia. Os censos fiscais do século XVIII refírense aos FERRADAIS que eran terras de boa produción. O NABAL é un terreo cultivado con nabos. Nos altos CHANOS ou CHAOS atopamos as CAMPAS, para cereais ou pastos. En terras de pasto máis altas están os BUSTELOS e as BRAÑAS.